



## Tertulias Literarias

### PROGRAMACIÓN GRUPO A xaneiro – marzo 2014

**8 de xaneiro:** entregamos...



#### Claus y Lucas, de Agota Kristof

Coa simplicidade sórdida dun conto de fadas, esta triloxía explícanos a historia de dous irmáns xemelgos, Claus e Lucas, condicionados por un vínculo agonizante, que se converte tamén nunha alegoría das forzas que separaron a Europa desde a Segunda Guerra Mundial.

*Comentario: 22 de xaneiro*

**22 de xaneiro:** entregamos...



#### Dos arquivos do trasno, de Rafael Dieste

Conxunto de relatos curtos do autor de Rianxo que en 1926 recolleu oito narracións previamente publicadas e coa súa lectura ingresou, en 1927, no Seminario de Estudos Galegos. A obra aborda temas trascendentais como a morte, o paso do tempo, a nostalgia, e a dignidade.

*Comentario: 5 de febreiro*

**5 de febreiro:** entregamos...



#### La vida de las mujeres, de Alice Munro

Unha colección de relatos disfrazada de novela: o disfraz é un punto de vista narrativo, un fío condutor que cose unha serie de retratos - o pai apoucado, a nai que buscou liberarse vendendo enciclopedias, o tío excéntrico- para, a partir deles, concibir unha vontade, aplaudir unha toma de conciencia: a da escritora que descobre a súa vocación.

*Comentario: 19 de febreiro*

**19 de febreiro:** entregamos...



#### El proyecto esposa, de Graeme Simsion

Don Tillman, profesor universitario, é un home atrapado nunha visión da realidade tan ríxida que nunca tivo unha segunda cita cunha muller. Coñecedor dos estudos que demostran que os homes que viven en parella son máis felices que os solteiros, embárcase no que bautiza O Proxecto Esposa para atopar a parella perfecta. Un relato hilarante e irresistiblemente romántico.

*Comentario: 5 de marzo*

**5 de marzo:** entregamos...



#### El tren pasa primero, de Elena Poniatowska

A era das lentas viaxes en tren pode aparecérsenos hoxe como remota fonte de nostalgia. En "El tren pasa primero", Elena Poniatowska combina os recursos do testemuño, a narrativa histórica e a biografía novelada para entrelazar a historia dun movemento social: as grandes folgas dos ferrocarrís entre 1958 e 1959 en México.

*Comentario: 19 de marzo*

**19 de marzo:** entregamos...



#### Sauce ciego, mujer dormida, de Haruki Murakami

Nos vinte e catro relatos que compoñen este volume, Murakami introduce elementos fantásticos e oníricos, mestura con calculada ambigüedade o soño e a vixilia, sérvese de referentes como o jazz ou permite que os corvos falen, pero, sobre todo, crea personaxes inesquecibles.

*Comentario: 2 de abril*

**Nota importante:** o libro inicialmente programado para o 19 de febreiro: "Piel de salitre" de Juan Mariñas, non dispoñible nestes intres, programárase no trimestre abril - xuño. *Desculpa as molestias*